

**PREMIOS
IMAXE
VIGO 2019**

Bases legais dos Premios Imaxe 2019

1. Entidade responsable

A Federación de Empresarios de Asociacións de Perruquería e Estética de Galicia (FEPEGA) con CIF: G- 15.425.119 e razón social na Confederación Empresarial de Ourense, Praza das Damas, 1 - 32005 Ourense. Tlf: 988 391 110 | Fax: 988 391 957 é a entidade responsable da organización e execución dos Premios Imaxe Galicia.

2. Datás de participación


O período de inscrición para participar nos Premios Imaxe Galicia comezará o 15 de abril e rematará o 15 de setembro de 2019. As votacións realizaranse desde o 20 de setembro ata o 6 de outubro de 2019. Os finalistas comunicaranse o 10 de outubro de 2019. A gala de desfile dos finalistas e a entrega de premios e trofeos celebrarase o 10 de novembro de 2019.

3. Condicións para poder participar

Poderán participar nos Premios Imaxe Galicia perruqueiros/as, esteticistas, maquilladores ou estudantes de perruquería, estética e maquillaxe; maiores de 18 anos, que acrediten que exercen a súa actividade profesional en Galicia. Os participantes polo mero feito de inscribirse aceptan as bases legais destes premios.

4. Condicións de participación

1. A participación nestes premios terá unha única cota de inscrición válida para presentarse a unha ou varias categorías e o prezo será 90€ para os non socios das asociacións de Fepega e 50€ para os socios das asociacións de Fepega, agás a categoría mellor perruqueiro/a revelación que será gratuíta; debendo ser ingresada esta cantidade no número de conta ES38 2080 5252 9330 4027 0271, facendo constar o nome do participante e a categoría ou categorías unha vez realizada a inscrición na páxina web destes premios: www.premiosimaxe.gal.
2. Cada colección constará de tres fotografías podendo ser estas en B/N ou cor, cun traballo diferente en cada unha delas. Estes traballos teñen que ser inéditos, non publicados con anterioridade.




PREMIOS IMAXE VIGO 2019

3. As imaxes as presentará cada participante a través da páxina web dos premios e será quen decidirá en que categoría presenta a súa colección. Non obstante, a dirección dos premios reservase o dereito a modificar a categoría elixida polo participante, no caso de que considere que unha colección non esté inscrita na categoría correcta segundo as súas características técnicas.
4. Cada participante pode presentar cantas coleccións queira a cada categoría, non podendo presentar unha mesma colección a distintas categorías. Un participante con distintas coleccións en diferentes categorías pode chegar a ser finalista e conseguir o premio en máis dunha categoría.
5. Os participantes que presenten as súas coleccións ao “Premio Imaxe Galicia perruqueiro/a revelación” teñen que cumprir os 25 anos como máximo dentro do ano 2019.
6. As coleccións non poden ter marcados nin identificados ningún nome nin logotipo do participante.
7. As coleccións son de carácter anónimo ata que se decidan os finalistas. Cada colección só irá acompañada dun código no que non se poida recoñecer á persoa que a realizou.
8. Ata o momento da publicación das fotografías por parte da organización dos premios Imaxe Galicia, as coleccións deben ser inéditas para que non perdan o carácter de anónimas, polo que non se poden publicar en ningún tipo de medio de comunicación nin redes sociais, nin facer comentarios que puideran revelar o autor/a dunha colección quedando esta persoa/participante descalificada con dita colección.
9. Está permitido o uso de extensións, accesorios e complementos.
10. As colaboracións están permitidas na creación das coleccións. Os estilistas, modelos, deseñadores/as ou fotógrafos/as que participen na mesma poderán ser nomeados en modo créditos na páxina web e nas redes sociais. A súa atribución contemplarase cando se saiba se son finalistas dos premios.

5. Condicións de finalistas

1. Haberá un xurado profesional que estará composto por un número impar de persoas dedicadas ao mundo da moda, os medios de comunicación e a perruquería/estética.
2. Este xurado profesional seleccionará a tres finalistas de cada categoría aos premios Imaxe Galicia que mostrarán e desfilarán as súas coleccións en directo na gala final dos premios.
3. O día da gala, o xurado profesional será o que decida os gañadores de cada categoría.
4. Se algunha colección se retirase ou fose descalificada por infrinxir algunha das normas do concurso pasará a ser finalista a seguinte colección máis votada.
5. Se houberse empate nalgunha das fases sería só o xurado profesional o que voltaría a votar para desempatar, outorgando de novo un punto a unha das coleccións empatadas.



PREMIOS IMAXE VIGO 2019

6. Os premios Imaxe Galicia son dunha entidade privada, polo que as decisións que se tomen en canto a puntuación e eliminación dalgunha colección son inapelables, o xurado profesional é o encargado de arbitrar nalgún posible conflito e tomará as decisións que considere oportunas, non sendo estas revogables baixo ningún concepto.
7. Cada persoa do xurado votará independentemente con 1, 2, ou 3 puntos cada colección finalista de cada categoría desfilable.
8. Un equipo externo a Fepega será o encargado da recepción das votacións e publicación de resultados dos finalistas para garantir o anonimato e a transparencia do proceso de selección.

6. Categorías dos premios

As categorías de PREMIOS IMAXE GALICIA son as seguintes:

1. Mellor colección comercial feminina
2. Mellor colección comercial masculina
3. Mellor colección de vangarda
4. Mellor colección perruqueiro/a revelación (menor de 25 anos)
5. Mellor colección bodypaint
6. Mellor pasarela (seleccionada das 5 primeiras categorías)
7. Premio honorífico a toda unha traxectoria profesional

Será o comité organizador dos premios o encargado de decidir o premio honorífico a toda unha traxectoria profesional.

7. Premios e trofeos:

Os gañadores/as das categorías desfilables recibirán un premio de 300,00€, ademais do trofeo honorífico correspondente.

Só haberá un gañador por categoría, non haberá segundo nin terceiro finalista.

8. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que os participantes faciliten a FEPEGA co fin de poder participar nos Premios Imaxe Galicia, quedarán incorporados á súa base de datos, que será utilizada só para promocións das actividades de Fepega; podendo facer uso do que contempla a LOPD dirixíndose ao correo electrónico organizacion@premiosimaxe.com.